

# **PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E USO DA LINGUA GALEGA**

**Curso 2023/2024**

**Equipo de Dinamización da  
Lingua Galega**

**IES Otero Pedrayo (A Coruña)**



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

# Plan anual de actividades para o fomento e uso da lingua galega

## 1. Composición do equipo e persoas colaboradoras

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Ramón Otero Pedrayo de A Coruña, que elabora o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega, está formado oficialmente polos seguintes membros:

### **Profesorado:**

- Rosalía Ferreiro García (Departamento de Lingua galega) Coordinadora
- Ana Vidal Roca (Departamento de Lingua Galega)
- Ánxeles Minguillón Díez (Departamento de Lingua Galega)
- Félix Longueira Fafián (Departamento de Xeografía e Historia e Xefe de Estudos)
- Susana Ferreira Varela (Departamento de Xeografía e Historia)

### **Alumnado:**

- Olivia Avendaño López
- Paula Barbeito Santos
- Mencía Calviño Naya
- Celia Casteleiro López
- Noelia Fornos Cabarcos
- Iker Lage Golás
- Javier Otero Fernández
- Meha Belén Rodríguez Cagiao
- Rhayzel Isabel Roos Azuaje
- Raquel Varela Pérez

### **Persoal non docente:**

- Obdulia Rivera Díaz

### **Profesorado colaborador:**

- Ana Campos Rey (Departamento de Francés e da Biblioteca)
- Dolores García Saavedra (Departamento de Artes Plásticas)
- Beatriz Cristina del Río Aguirre (Departamento de Lingua Castelá)
- M<sup>a</sup> de la Concepción Liñares da Costa (Departamento de Lingua Castelá)
- José Carlos Suarez (Departamento de Educación Física e Director)
- Mónica Osuna Vitos (departamento de Física e Química)
- María Isabel Varela López (Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)
- Ana Casal Segade (Departamento de Matemáticas)

- Juan Bort Couceiro (Departamento de Tecnoloxía)
- Patricia Cinza Sanjurjo (Departamento de Orientación)

Para acadar os fins que figuran no plan xeral e específico que se expoñen a continuación, non só se conta co labor do Equipo de Dinamización, senón que se agarda a axuda de todos os membros da comunidade educativa, tanto nas actividades que se propoñen como na incorporación paulatina da lingua galega á vida do centro. De non ser así, non tería sentido ningún proceso normalizador nin ningún plan dinamizador.

Como en anos anteriores, contamos co compromiso de colaboración de todos os Departamentos didácticos – Lingua Galega, Xeografía e Historia, Bioloxía, Física e Química, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Tecnoloxía, Francés, Música, Lingua Castelá e Biblioteca e mais o Departamento de Orientación para levar a cabo as actividades propostas, algunhas das cales foron suxeridas por ditos departamentos. Deixamos tamén a porta aberta a todas aquelas persoas, pais, nais ou departamentos que se queiran incorporar ao longo do curso a este proxecto. Tamén colaboraremos coa CGNDL, en especial cos equipos da nosa contorna. Ademais, tentaremos establecer relacións coas entidades e asociacións culturais da redonda, coas Bibliotecas, en especial coa González Garcés, coa concellaría de cultura do Concello, co Fórum Metropolitano, co Ágora e co Centro Cívico de Monelos para espallar certas actividades nosas ou aproveitar aquelas que nos poidan interesar das súas programacións.

Segundo o establecido no punto 4 do artigo 83 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Decreto 324/1996 do 9 de agosto, nel recollerase a relación de actividades programadas ordenadas cronoloxicamente para este curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto no plan xeral para o uso do idioma como no plan específico para a potenciación da presenza da realidade cultural galega.

## **2. Obxectivos xerais do Plan de fomento do uso da lingua galega**

O obxectivo xeral deste plan é valorizar, dinamizar e fomentar o uso da lingua galega entre toda a comunidade educativa, coa participación no proceso de todos os membros que a integran: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.

Para acadar dito obxectivo levaranse a cabo as seguintes iniciativas:

- Valorizar a nosa lingua, crear actitudes positivas cara ao galego e tentar acabar cos prexuízos lingüísticos existentes entre a comunidade escolar.

- Poñer en valor a nosa lingua e promover a utilización do galego por parte daqueles membros da comunidade escolar que, coñecendo a nosa lingua, non a usan habitualmente como idioma vehicular no instituto, e facilitarlles aos demais a súa incorporación ao uso da mesma tanto nas súas aulas como na vida cotiá.
- Promover o inicio do uso da lingua galega por parte daqueles membros da comunidade educativa que non teñen o galego como a súa lingua habitual.
- Favorecer o coñecemento da nosa lingua a aquelas persoas que proveñen de fóra da nosa Comunidade para unha máis fácil integración social e cultural.
- Facer visible e audible a nosa lingua en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática: reunións de claustro, consello, departamentos, etc. ou en conferencias, cinema, teatro, atención telefónica, exposicións, deportes, música, vídeos, internet, redes sociais, medios de comunicación: xornais (Nós Diario), radios, televisión, redes sociais etc.
- Potenciar o mellor coñecemento da lingua galega para o seu emprego correcto, tanto a nivel oral como escrito como sinal de prestixio.
- Incidir para que as actividades de carácter extracurricular do Centro se desenvolvan integramente no noso idioma.
- Potenciar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do Centro: Plan lector, Plan TIC, Plan de convivencia, Plan de formación, Biblioteca, proxecto interdisciplinar, titorías ....
- Promover a docencia en galego dos niveis e áreas do currículo que excedan do obrigado cumprimento como medida necesaria para garantir a efectiva adquisición da lingua polos que non a teñen como materna.
- Realizar unha campaña informativa da lexislación lingüística do galego que teña como obxectivo que as familias transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares e sociais.
- Solicitar das ANPAS o emprego do galego como lingua vehicular, fundamentalmente nos escritos que envían ás familias ou á prensa e enviarlles mensualmente a revista galega Ollos de auga da CGENDLG.

## **2.1. Obxectivos específicos para o ensino da lingua galega**

Como obxectivos específicos para o curso 2023-2024 márcanse os seguintes:

- Coma en anos anteriores, coñecer cal é a realidade lingüística dos novos membros da comunidade escolar e comparala coa de cursos anteriores. Se se comprobasen diferenzas significativas faríase a correspondente análise socio-lingüística.

- Implicar a todos os sectores e membros do instituto no proceso de normalización e no plan dinamizador.
- Axudar aos integrantes do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma. Para iso tentaremos crear unha biblioteca específica que estea a disposición de todos os membros do claustro: guías de planificación, normas ortográficas, léxicos específicos, vocabularios e dicionarios (sinónimos, antónimos, de dúbidas, de equivalencias entre dous ou máis idiomas)...
- Dar a coñecer diverso material audiovisual e informático en galego, tradutores, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e cultura, blogs, curtas ..., en particular a páxina da RAG, a da AS-PG, o Portal da Lingua Galega cos seus recursos e o Portal das palabras.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos en diversos soportes que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua galega e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz, principalmente aos membros da comunidade educativa que acaban de incorporarse.
- Prestar o apoio e asesoramento que se considere necesario ao alumnado que se acaba de incorporar a Galicia. Para este fin poderase utilizar como ferramenta de aprendizaxe a seguir o material elaborado para os CELGA 1 e 2 que se atopa na web da SXPL e no Dpto de Orientación (PT), o que hai na rede (SXPL, Portal da Lingua Galega, Portal das palabras, AS-PG, CGENDL, AELGA, RAG, Consello da Cultura ...) ou calquera outro que se propoña, principalmente o elaborado polas profesoras da materia Lingua galega e literatura.
- Desenvolver actitudes positivas cara ás linguas e erradicar os prexuizos lingüísticos

## **2.2. Obxectivos da planificación lingüística en relación ao alumnado do centro**

- Garantir que o alumnado que ten o galego como lingua habitual (moi escaso) poida manter a súa lingua e consolidar a competencia plena nela.
- Conseguir que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego; para este fin, favoreceranse os contextos formais e informais, docentes e non docentes, nos que o vehículo de comunicación sexa a lingua galega.
- Fomentar no alumnado unha actitude positiva cara á utilización da lingua galega tanto en contextos formais como informais e que a vaia usando cada vez máis.
- Estimular o descubrimento e dar conta do valor da nosa cultura e a nosa lingua a través do lecer: música, teatro, cinema, vídeos, redes sociais, blogs, deportes, xogos, etc

### **3. Planificación de actividades**

As actividades que se propoñen a continuación teñen como finalidade acadar os obxectivos que se marcan neste plan de potenciación da lingua galega.

#### **3.1. Actividades a través da rede e uso de novas tecnoloxías**

En primeiro lugar, teremos en conta todas as propostas e recursos aos que temos acceso a través da rede, como as páxinas webs dos distintos museos galegos ou outros enlaces a material proporcionado pola Xunta e diversas asociacións. Algúns exemplos son:

- <http://museodopobo.gal/gl/node/41>
- <https://museos.xunta.gal/gl/mupegal>
- [Museo Provincial de Lugo | Museos de Galicia \(xunta.gal\)](#)
- <https://museo.depo.gal/>
- <https://academia.gal/inicio>
- <https://www.lingua.gal/portada>
- <https://aulasgalegas.org/recursos-na-rede/>

Ademais dos anteriores recursos xerais para traballar en galego, pretendemos chegar a acordos cos distintos departamentos do instituto para que cada profesor e profesora, nas súas aulas, valore o uso do galego oral e escrito no alumnado como unha parte máis da avaliación da materia que imparte.

Queremos fomentar o uso das novas tecnoloxías co apartado para o EDLG na páxina web do centro ([www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna](http://www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna)) onde se colgarán todas as novas, as fotos, vídeos, presentacións e o proxecto do Equipo. Tamén tentaremos retomar a revista dixital do centro para que quede constancia de todas as actividades, saídas, creacións literarias ou artigos e reportaxes xornalísticas relacionadas coa nosa lingua e cultura.

#### **3.2. Actividades relacionadas con conmemoracións, celebracións e datas relevantes**

- Celebraremos o Samaín a finais de outubro na Biblioteca do Centro e en cada unha das aulas, fomentando a decoración das aulas cun concurso, explicando a tradición do Samaín nas titorías e cun certame de microrrelatos de terror con textos escritos polo alumnado sobre medo, suspense... coa colaboración dos departamentos de Lingua Galega, Artes Plásticas, Lingua Castelá, Inglés, Francés e Biblioteca. Estas actividades celébranse para os todos os cursos da ESO e documentaranse con fotos ou vídeos das mesmas, así como se recompilarán os textos gañadores na revista do centro.

- Na época do Magosto, en outono, realizaremos algunha actividade relacionada coa literatura popular de tradición oral.
- Faremos un concurso de presentacións en formato dixital (texto e fotos) e/ou de vídeos por aula e nivel sobre a violencia de xénero para conmemorar o día en colaboración coas titorías, ademais de outras accións aínda por determinar.
- Convocarase un concurso de tarxetas de Nadal e/ou Aninovo con lemas que fomenten o uso da nosa lingua. Premiaranse aquelas que resulten gañadoras e dixitalizaremos a mellor para felicitar o 2024 a toda a comunidade educativa. Tamén levaremos a cabo un certame de contos de Nadal para toda a ESO con premios para os e as gañadoras.
- Construiremos unha árbore (espida) para colocar no recibidor do instituto antes das vacacións do Nadal e irémola vestindo con tarxetas con textos e debuxos referidos ao Nadal e ao Aninovo. Esta actividade realizarémola conxuntamente cos departamentos de Artes Plásticas, Lingua Galega, Tecnoloxía, Xeografía e Historia, Bioloxía, Música etc.
- Concurso de cartas e poemas de amor ilustrados para celebrar o día dos namorados. Isto levarémolo a cabo co equipo da Biblioteca, de Lingua Galega, de Artes Plásticas e de Lingua Castelá.
- No mes de febreiro, polo Entroido, intentaremos achegar ao alumnado e profesorado a historia do noso Entroido tradicional co visionado de fotografías antigas e instauraremos os Mandatos do meco durante a semana previa á celebración.
- O alumnado e o profesorado realizará un recitado dramatizado de poemas nas aulas para conmemorar o día de Rosalía de Castro (23 de febreiro) e unha audición musical de textos da autora. Participaremos igualmente na actividade sobre Rosalía que a AELGA e a Fundación Manuel María propón cada ano se é posible.
- Realizaremos un concurso-exposición de cartaces sobre a Igualdade de xénero para conmemorar o día da muller traballadora en colaboración co Departamento de Artes Plástica. Se é posible, solicitaremos a presenza de grupos teatrais para realizar espectáculos reivindicativos, no propio centro, o 8 de marzo.
- Na semana da prensa, en marzo, fomentaremos a consulta de medios de comunicación en galego e crearemos reportaxes en galego que logo formarán parte da revista.
- No mes de abril, polo Día do Libro, realizaremos diversas actividades en colaboración co equipo da Biblioteca e os departamentos de linguas: reparto de frases célebres de libros, creación de portadas alternativas de obras cume da literatura, etc.
- Tamén polo Día do Libro, o alumnado dos cursos superiores irá (se for posible) aos cursos inferiores da ESO para unha actividade de contacontos e/ou recitado de poemas e, no seu defecto,

farano na aula (ou gravará un vídeo) en colaboración cos Departamentos de Biblioteca, Francés, Inglés, Lingua Castelá e Lingua Galega.

- Co gallo da celebración do día das Letras Galegas, dedicado este ano a Luisa Villalta, realizaremos actividades que teñan que ver coas creacións literarias e musicais da escritora coruñesa. Ao longo dos primeiros meses do curso prestaremos atención á proposta de actividades por parte de asociacións, concello, Real Academia Galega, etc.

### **3.3. Actividades culturais e didácticas (obradoiros, saídas, concursos etc.)**

- Realizaremos xogos nalgunhas horas de titorías como trivial.gz (<http://www.as-pg.com/trivial.gz>), Ophiusa (cartas editadas por Urco), o Arcano ou os do Correlingua, entre outros, pois cremos que o lecer é un bo espazo para aprender, e aprender xogando é a mellor forma de achegármonos á nosa literatura, á nosa historia, á nosa xeografía e a nós mesmos/as.

- Este curso tentaremos levar a cabo a olimpíada de xogos tradicionais que viñamos facendo en decembro como colofón do 1º trimestre do curso entre o alumnado e profesorado, cos xogos tradicionais máis característicos de Galicia ou da comarca, ou dos máis coñecidos polas súas familias. O alumnado aprenderá as normas de cada xogo e exporallas aos seus compañeiros e compañeiras na aula. Organizarémola conxuntamente co Dpto. de Educación Física, Lingua Galega e Titorías.

- Convocaremos un concurso de presentacións ou murais por aula e nivel sobre os autores que dan nome a cada unha das aulas para realizar unha exposición dos mesmos e coñecermos mellor ditos autores. Os traballos dos gañadores plastificarémolos para que fiquen permanentemente en cada aula.

- Asistiremos a representacións teatrais en lingua galega e a actuacións musicais, como as ofertadas polo concello da Coruña dentro do Plan Educa e do programa *Todo Público*. Estamos pendentes da nova proposta que sairá no mes de decembro. A idea é que todos os cursos poidan asistir a unha sesión de teatro.

- Realizaremos charlas con escritores, actores ou deportistas de elite, ou ben obradoiros literarios para todos os niveis colaborando co Departamento de Lingua Galega, Biblioteca e con editoras como Xerais, Anaya, Oxford, Galaxia, Rodeira, Santillana, Everest...

- Tentaremos traer algún Taller de Iniciación á Lectura (conta contos) ou á creación literaria popular ou culta (regueifas, relatos, poemas, etc.) se se puiden.

- Participaremos no concurso de elaboración do manifesto e no de vídeo do Correlingua 2024, no Cantalingua, e na propia concentración se a houber con pancartas e coas camisetas deseñadas por nós.



- Procuraremos participar no *Tiralles da lingua*, así como en calquera outro concurso que xurda durante o curso e que estea relacionado co uso da lingua oral.
- En colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Xeografía e Historia realizaremos saídas de carácter didáctico, se podemos, nas cales o alumnado coñeza a vida e obra dalgún persoeiro da cultura galega ao tempo que estudan a contorna xeográfica, histórica e artística da zona visitada. Os roteiros que se teñen realizado habitualmente son o oteriano, o rosaliano, o pondaliano, a visita á Casa de Manuel María ou o roteiro pola cidade da Coruña (visita á RAG, ao Arquivo do Reino de Galiza etc.).
- En colaboración co Departamento de Educación Física, realizaremos no 2º trimestre un obradoiro de baile tradicional galego.

### **3.4. Actividades de fomento do uso da lingua en redes sociais e internet**

- Realizaremos concursos trimestrais de vídeos en *tiktok* en galego sobre aspectos relacionados coa nosa cultura ou lingua con doses de humor, vídeos que logo colgaremos na páxina web do centro.
- Abriremos unha conta en INSTAGRAM para publicar imaxes, vídeos e textos de actividades realizadas en galego ou relacionadas coa nosa cultura.
- Realizaremos un concurso trimestral de *book trailer* sobre obras lidas polo alumnado ou sobre textos escritos por eles.
- Realización dun díptico con recursos en galego, páxinas web, blogues, etc, para que sirvan de axuda ao profesorado, alumnado, familias e persoal non docente.

### **3.5. Outras accións e actividades**

- Como en anos anteriores, colocaremos no taboleiro de Normalización e Dinamización Lingüística novas sobre a nosa lingua e cultura e mais os distintos traballos do alumnado que se irán renovando periodicamente, así como as convocatorias de concursos e os traballos gañadores cos nomes dos autores/as respectivos/as.
- Se percibimos diferenzas cos cursos anteriores, actualizaremos o estudo sociolingüístico do centro elaborando unha enquisa en 1º de ESO, para poder coñecer cal é a situación da lingua no centro e avanzar a partir desta realidade.
- Realizaremos o deseño de almanaques mensuais para o curso 2023/2024 con referencias literarias galegas e conmemoracións da nosa cultura para colocar nas aulas e apuntar as datas de exames e traballos.
- Realizaremos unha enquisa online entre toda a comunidade educativa para escoller a palabra galega deste curso entre as que propoña o alumnado de cada aula do centro.

- Participaremos no club de lectura Bibliotero en colaboración co Dpto. da Biblioteca, Lingua Castelá e Lingua Galega.
- Elaboraranse cartaces relacionados coa lingua galega e a súa lexislación que recollan os dereitos lingüísticos da cidadanía e do alumnado en particular que se instalarán nas aulas e no taboleiro de normalización, renovándose periodicamente.
- Tentaremos elaborar unha revista ou xornal do centro en versión dixital e publicaremos varios exemplares en papel para repartir entre a comunidade escolar.
- Colaboraremos co Centro Cívico de Monelos fomentando a participación do noso alumnado nas actividades en galego que nel se realicen.
- Participarase na Rede de Dinamización Lingüística da SXPL e nas actividades que esta propoña, así como nas da CGENDL, colaborando fundamentalmente cos EDLG dos Centros do noso contorno, en particular co IES de Monelos e Elviña.

As **principais actividades** programadas aparecen reflectidas xunto coa súa temporalización no seguinte cadro-resumo:

Actividades (previsión)	Temporalización		
	T1	T2	T3
Samaín (decoración, concurso de microrrelatos)			
Magosto (recollida de mostras de literatura popular relacionadas co Magosto)			
Nadal (concurso tarxetas e árbore espido)			
Entroido (obradoiros, concursos...)			
Celebración do día de Rosalía de Castro			
Actividades Día Internacional da Muller			
Semana da Prensa			
Obradoiro de baile tradicional galego			
Semana do Libro			
Letras Galegas (Luisa Villalta)			
Participación no Correlingua			
Elaboración da revista escolar dixital			
Taboleiro de Normalización lingüística			
Calendarios das aulas			
Visitas de autores/as ou outras conferencias			
Saídas didácticas e/ou roteiros literarios			
Participación en concursos e certames			

As actividades programadas neste Plan de fomento do uso da lingua galega están pensadas para motivar os membros desta comunidade educativa a usar o galego tanto nos aspectos formais como informais. Ao longo do curso poderemos modificar e incluír actividades como consecuencia de propostas por parte de entidades públicas e privadas, así como de suxestións e novas achegas procedentes dos membros da comunidade educativa.

Así mesmo, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizará un seguimento do uso que da lingua galega faga nas aulas o profesorado e o alumnado, especialmente naquelas materias que é prescrito na Lei de Normalización Lingüística e no Decreto de Plurilingüismo actual.

Asdo. A coordinadora



Rosalía Ferreiro García

16 de outubro de 2023

IES Otero Pedrayo (A Coruña)

